

A solaina das letras. Últimas entregas de poesía

Daniel López Caignet

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

LÓPEZ CAIGNET, DANIEL (2011 [1988]). “Últimas entregas de poesía”. *Dorna. Caderno de crítica literaria*: 14, 99-101. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/220>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

LÓPEZ CAIGNET, DANIEL (1988). “Últimas entregas de poesía”. *Dorna. Caderno de crítica literaria*: 14, 99-101.

* Edición dispoñíbel desde o 28 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

A SOLAINA DAS LETRAS

ÚLTIMAS ENTREGAS DE POESÍA

Daniel López Caignet

Doe comezar esta breve viaxe por algúns dos nosos últimos poemarios, cunha triste lembranza para un dos poetas maiores que nos deixou recentemente, Emilio Álvarez Blázquez. Mais se a única morte é o olvido, el continúa vivindo na nosa memoria e nos seus fermosos versos recentes cos que nos agasallou en "O TEMPO DESAN-CORADO" (Editorial Galaxia, colección Dombate).

A asociación de "Amigos da Terra de Montes" editou en agosto unha carpeta con seis poemas de Xosé Roxelio Otero Espasandín que forman parte dun libro aínda incomprensiblemente inédito.

Otero Espasandín naceu no 1900 no concello de Cerdedo. Estudou Maxisterio en Santiago exercendo de mestre ata o seu traslado a Madrid, onde traballou no Museo de Ciencias. En 1939 marcha ó exilio como consecuencia da Guerra Civil. Despois de residir uns anos en Buenos Aires, aséntase definitivamente en Estados Unidos, onde morreu en 1987. En 1984 publicara un

libro de relatos en castelán CUENTOS QUE ME CONTÓ DIESTE (Edicións do Castro). Algúns dos seus poemas apareceron con anterioridade na Escolma da poesía galega de Francisco Fernández del Riego. Bótase en falla un volume que recolla toda a súa obra poética.

ANOS DE VIAXE (Edicións Xerais de Galicia) reúne todo o labor de Xavier Rodríguez Baixeras comprendido entre os anos 1981-87. O título dáno-la clave deste extenso e intenso poemario; a vida concebida coma unha viaxe.

Podemos distinguir neste volume dous amplos períodos. O primeiro enmarcado entre 1981-85 no que publica os libros FENTOS NO MAR (Edicións do Castro) e LEMBRANZA DO AREAL (Colección Pero Meogo), mediante eles realiza unha renovación estética, simbólica e temática que marca unha fonda ruptura coa lírica galega anterior. Crea neles un universo persoal de grande dinamismo e fondura. O soneto dotará ós seus



poemas dunha fráxil musicalidade chea de sensacións, de luz e dun máximo labor coa palabra.

Un segundo período abrangue os anos 1985-87 nos que escribe OS CELESTES FAIADOS E A GANDARA DA NOITE. Nestes preséntamo-

-lo mundo da súa memoria fronte a un universo histórico e colectivo. Un espacio que se move entre o desexo e o cumprimento. É ata certo punto unha búsqueda do utópico, tamén un ansia de estabilidade. O soneto dará paso ó poema relato e ó verso libre. Magnífi-

co libro dun autor xa asentado no late-
xar das letras.

PASA UN SEGREDO (Edicións Xerais) de Ramiro Fonte é, supoñemos, a culminación dunha etapa dentro da súa poética. O libro consta de catro apartados definidos desde os seus subtítulos: "Retornos", "Un lugar para Eurídice", "As presencias do mar" e "Teoría do Adeus".

Vemos unha fonda preocupación polo ritmo e pola arquitectura dos versos. Tamén hai, como non, unha volta ás figuras e luces outonizas, ós portos e ós navíos, espazos e paisaxes ás que nos ten acostumados o poeta de Ponte-deume.

O universo vital de Ramiro Fonte aséntase aquí nunha temporalidade que prescinde do presente para proxecta-la súa soedade fatal sen moita esperanza no futuro cercano. É un labirinto de imaxes que se van desfecendo a medida que penetramos nel, acompañándonos de versos ateigados de nostalxias.

DA MUDA PRIMAVERA (Col. Esquíto) de Román Raña Lama gañou, por maioría, o VII premio Esquíto en galego. O xurado estivo composto por Xosé M.^a Álvarez Cáccamo, Carlos Casares, Arcadio López-Casanova e Basilio Losada.

DA MUDA PRIMAVERA, como nos di o propio poeta, é un libro feito da substancia da memoria e de pequenos argumentos. O poemario está marcado pola perda —o olvido e a perda como contrarios da memoria— do pai do autor e do poeta Eusebio Lorenzo. Pero ó mesmo tempo hai certa preocupación no poeta pola vida e polo amor, temas de sempre na nosa literatura.

Quedou finalista do Esquíto 87, **BALEAS E BALEAS**, de Luísa Cas-

tro. Un libro cheo de vitalidade e da inocencia da infancia. Un xogo continuo coa linguaxe convertendo ata a propia escritura nun enredo precioso e con moito inxenio. Pasa este volume da xove escritora galega afincada en Madrid, coma unha raxa de aire fresco, afastada das reiteracións e dos arreceñidos abafantes que pesan na última lírica en galego.

RETORNO ÓS LAMENTOS (Edición Xerais de Galicia) de Antonio García Teijeiro, é a súa segunda entrega poética despois de **PAROLANDO COA VIXENCIA** (edición do autor). Quince lamentos e un canto final compoñen o poemario. Non son lamentos desesperados, senón que é a procura dunha luz que nos faga superar unha situación de desespero. É unha reflexión sobre os máis amplos aspectos da vida do home e unha loita por supera-las deficiencias cotiás.

MATRIA DE SOMBRA (Sotelo blanco Edicións, Col. Leliadoura) de Xesús Rábade, é un canto de amor e desalento por Galicia. Ela constitúese no eixo na temática do libro. Libro de poesía cívica, onde o autor ve a Galicia como á súa amada e emprega unha linguaxe no seu discurso tan limpa e apaixonada, que dota ó poemario dunha grande harmonía. A poesía deste **MATRIA DE SOMBRA**, inxustamente alcumada de volta atrás, entronca nalgún punto coa nosa tradición literaria, e constitúese nun canto auténtico e de impecable feitura, algo que se bota de menos nalgúns autores que se empeñan en esgota-los camiños líricos, transitando case sempre polas mesmas figuras baleirás e por temáticas enfermizas e decadentes.

Ó recibirmos **CALEIDOSCOPIO** de Vicente Araguas (Edicións Río Xuvia, Colección Mourela de Poesía),